

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN
TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 02-09-2026, ditou a resolución con número 2425/2026 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Aprobación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe de agarda de persoal laboral temporal a tempo parcial para a cobertura temporal de prazas de profesor/a CMUS, especialidade de violín.

EXPEDIENTE: 2026/G003/002637

ANTECEDENTES

Primeiro.- Por Resolución da Alcaldía núm. 1207/2026, do 28/04/2026, aprobáronse as bases reguladoras da convocatoria pública e do proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe de agarda de persoal laboral temporal a tempo parcial para a cobertura temporal de prazas de profesor/a CMUS, especialidade de violín.

Segundo.- Publicada a convocatoria do proceso e as bases reguladoras da lista de agarda na sede electrónica, así como no no BOP de A Coruña núm. 89 do 14/05/2026 abreuse un prazo de presentación de instancias dende o 15/05/2026 ata 21/05/2026.

Terceiro.- Durante o prazo de presentación de solicitudes achegáronse as seguintes instancias que constan no expediente administrativo:

Nº	APELIDOS	NOME	NUM. REXISTRO	Data rexistro	DNI CODIF
1	CERNADAS PEREZ	GALA	202699900003633	20/05/2026	**62505**
2	GARCIA PEÓN	LAURA	202699900003591	20/05/2026	**90633**
3	RODRÍGUEZ MORENTE	RICARDO	202699900003627	20/05/2026	**90018**

Visto o que antecede,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe de agarda de persoal laboral temporal a tempo parcial para a cobertura temporal de prazas de **Profesor/a CMUS violón** (Grupo II, equivalente a A2) que se relaciona de seguido.

Admitidos/as:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI CODIF	CELGA 4	COMDIX	IDIOMA
----	----------	------	-----------	---------	--------	--------

						EXAMEN
1	CERNADAS PEREZ	GALA	**62505**	SI	NON	GALEGO
2	RODRÍGUEZ MORENTE	RICARDO	**90018**	SI	SI	CASTELÁN

Excluídos/as:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI CODIF	CELGA 4	COMDIX	IDIOMA EXAMEN	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
1	GARCIA PEÓN	LAURA	**90633**	SI	NON	(*)	1, 2 e 3

Motivos de exclusión (segundo ao indicado na base 6.5):

1. Non achega o modelo específico de solicitude (Anexo II das bases do proceso selectivo).
2. Non achega relación de méritos.
3. Non achega a declaración responsable esixida.

(*) Aspirantes que non indican idioma na solicitude: de acordo co artigo 17 da Ordenanza para o impulso social da lingua galega no Concello de Carballo, as probas serán distribuídas por defecto en lingua galega, salvo que a persoa aspirante solicite expresamente, con antelación, a súa realización noutra lingua oficial.

Segundo.- As persoas excluídas, así como as omitidas na relación provisional de admitidos e excluídos, disporán de un **prazo de dous (2) días hábiles** para emendar as deficiencias que sexan emendables, contado desde o día seguinte á devandita publicación no da sede electrónica do Concello de Carballo da Coruña, para poder emendar, de ser o caso, os defectos que motivasen a súa exclusión ou a súa omisión da lista de admitidos.

Os/as aspirantes que dentro do prazo sinalado non emendasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos/as, serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo. De non presentaren reclamacións dentro deste prazo, a lista provisional de admitidos e excluídos elevarase a definitiva.

Rematado o prazo de reclamacións, a Alcaldía ditará nova resolución, aceptando ou rexeitando as alegacións/emendas presentadas, e elevando a definitiva a listaxe provisional de aspirantes ou corrixíndoa se existisen modificacións como consecuencia de reclamacións. Resolución que será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal.

Terceiro.- Publicar esta Resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo (www.sede.carballo.gal) .

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C

Praza do Concello S/N

Teléfono 981 70 41 00

www.carballo.gal

infocarballo@carballo.gal

15100 CARBALLO - A Coruña



Concello de
CARBALLO

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Susana Mariño Lorenzo

CVD: Ezxdp0vjC5+nQ+LCxbu5 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.carballo.gal/>